



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 16/04/2015 17:45:31

Queixa N: Q-202/2014

SAÍDA 35767 / RX 489229



De conformidade co establecido no artigo 27.3 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención á cidadanía, achégolle copia do informe emitido polo Xerente do Inega da Consellería de Economía e Industria, en relación á queixa por vostede presentada, outorgándolle un prazo de 10 días para que formule as alegacións que estime oportunas

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2015

A DIRECTORA XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA



Natalia Prieto Viso

Dna. ESTHER LORA RODRIGUEZ
R/ BAIONA, Nº 9 BAIXO
36209 VIGO
PONTEVEDRA



INFORME RELATIVO Á QUEIXA PRESENTADA POR DONA ESTHER LORA RODRIGUEZ. Nº: Q-202/2014

En resposta á queixa presentada por Esther Lora Rodríguez en representación de varios colectivos cidadáns, en relación co ticket eléctrico social de Galicia para o primeiro semestre de 2014, INFORMO:

1. A Resolución de 22 de xullo de 2014 pola que se regulan e se convocan as axudas económicas para o pago de parte da factura eléctrica, a través do ticket eléctrico social de Galicia durante o primeiro semestre de 2014, ás familias con fillos menores a cargo cuxos ingresos no superen o IPREM (DOG 4 de agosto) conta con todos os informes pertinentes que aproban a necesidade da presentación telemática, motivada polo alto número de solicitantes potenciais, o que faría inviable a súa presentación ordinaria.

2. Dada a negativa do concello de Vigo de colaborar, coma o resto dos concellos de Galicia, na tramitación do ticket eléctrico, a Xunta puxo a disposición dos habitantes dese municipio a dous traballadores desa delegación e a dous traballadores do Inega, que acudiron o día 24/11/2014 a asesorar e cubrir solicitudes do ticket eléctrico social. O motivo de establecer esta data foi que ese día estaba convocada unha concentración en protesta polas condicións nas que había que solicitar o ticket eléctrico, e así se podía atender axeitadamente a aqueles cidadáns que acudisen a esta mobilización.

A todos eles se lles explicaron os motivos da tramitación electrónica así como a relación da documentación que debían acompañar á solicitude. Así mesmo, a todos aqueles que o requiriron, tramitáuselles a axuda, cubrindo o formulario na aplicación informática, revisando a documentación que se achegaba e explicando a documentación que quedaba pendente de entrega. A cada un deles entregáuselles un recibo de presentación no que se especificaba a documentación que se presentara e tamén se enumeraba aquela que quedaba pendente de entrega, e que debían achegar en calqueira rexistro público. Realizáronse un total de 7 solicitudes, das que ningunha resultou concedida posto que non achegaron a documentación requirida ou excedían o nivel de de renda fixado como límite nas bases da convocatoria.

3. Na nova convocatoria do ticket eléctrico social de Galicia, para o segundo semestre de 2014 mellóranse as condicións que se establecen para ser beneficiario, así como o importe da axuda:

- Aumento na contía da axuda, de 60 a 150 euros para as familias numerosas, e de 45 a 90 euros para o resto das unidades de convivencia.
- Aumento nun 50% do límite de renda da unidade de convivencia, que pasa de ser 1 vez IPREM a 1,5 veces o IPREM.
- Posta a disposición do solicitante de máis persoal para realizar os trámites da solicitude, incluíndo persoal das Xefaturas territoriais da Consellería de Economía e Industria, e persoal da Cruz Vermella.
- Substitución do informe social do traballador/a social do concello que se requiría na resolución inicial pola última declaración da renda dispoñible, e que xa a administración consultará directamente, previa autorización do solicitante.

O Xerente do Inega,

